

ROMA NA RÚA

IES COSME LÓPEZ RODRÍGUEZ

1. INTRODUCCIÓN.

O noso instituto está situado na Rúa, unha localidade emprazada nunha terraza fluvial do Sil, na comarca de Valdeorras, no nordés ourensán, a uns cen quilómetros da capital da provincia. Aquí estudamos, ademais do alumnado procedente do colexio da vila, alumnado procedente dos concellos de Petín, Larouco, O Bolo e Vilamartín e, por suposto, todo aquel alumnado procedente doutros lugares do país e do resto do mundo que, por diversas razóns, veñen vivir e convivir connosco. Así, tanto pola nosa ubicación, como polas características da nosa contorna... nós tamén *Somos rural!*

Cando tivemos noticia de que se convocaba este concurso, pareceunos unha boa ocasión de poñer en valor unha pequena parte do noso patrimonio cultural, pouco difundido fóra da comarca, e tamén de poñer en práctica os nosos coñecementos de gravación e edición de vídeo, realizando unha fusión perfecta entre o alumnado do Ciclo medio de SMR e o alumnado de Latín de 1º de Bacharelato. Procuramos facer un traballo integrador, no que participamos un grupo de alumnado diverso, e facelo accesible a un público tamén diverso, polo que o adaptamos á linguaxe de signos, grazas á valiosa colaboración dunha antiga alumna do centro que o fixo posible.

2. O PROXECTO.

O noso proxecto, titulado **Roma na Rúa**, consta de:

- Un **vídeo** de 3 minutos de duración, no que comentamos **catro** dos restos arqueolóxicos de época romana que se atopan na nosa vila. A comarca de Valdeorras foi unha zona moi romanizada, debido sobre todo ao paso dunha das principais estradas de época romana, a *Via XVIII*, máis coñecida como *Via Nova*, que unía as cidades de Bracara Augusta (Braga) e Asturica Augusta (Astorga). No noso vídeo amosamos e comentamos a **Ponte da Cigarrosa**, unha ponte que formaba parte desa estrada e que une os concellos de Petín e A Rúa. Na ponte atópase un **miliario**, monolito cilíndrico empregado para marcar as millas nas calzadas romanas, e que contén unha serie de inscricións que aportan datos interesantes sobre a *Via Nova*. Tamén amosamos e comentamos unha peculiar **placa funeraria** dedicada a Lucio Pompeio Reburro Fabro, un pretoriano romano orixinario do pobo dos *Gigurri*, os nosos antepasados prerromanos. Para finalizar, falamos do **Mosaico da Cigarrosa**, atopado preto do noso instituto en 1969 por un grupo de arqueólogos afeccionados, chamados *Os Escarvadores* e tristemente desaparecido, do que un grupo de alumnado e profesorado do centro realizamos unha réplica no curso 2022-23 e que agora loce orgulloso no recibidor do instituto.
- Un **cartel** promocional que, ademais de anunciar o concurso no que estamos a participar, amosa a imaxe dos catro restos romanos comentados e, como non, deixa ver as vides, tan importantes na nosa comarca produtora de excelentes viños.

- Dez **fotografías** que recollen distintos momentos do traballo, nas que se pode apreciar perfectamente que, ademais de traballar con dedicación e profesionalidade, pasámolo ben e rimos dabondo. Incluímos tamén unha fotografía do auténtico Mosaico da Cigarrosa, do que unicamente se conservan pequenos fragmentos no Museo Arqueolóxico de Ourense, pechado ao público desde 2002.
- A **documentación** requirida, da que forma parte a memoria que estades a ler.

3. METODOLOXÍA.

Comezamos por planificar o traballo, xa que compaxinar os horarios de clase de todos os participantes non resultaba moi sinxelo. Había que optimizar as sesións e facer un plan de rodaxe o máis práctico posible. Acordamos dedicar a primeira sesión ás escenas en exteriores. Tras unha longa andaina, pois o noso centro está lonxe das localizacións escollidas, e sorteando unhas condicións meteorolóxicas que non eran as óptimas, conseguimos finalizar a rodaxe dese día, tras varias tomas falsas e moitas risas. Primeiro obxectivo cumprido!! As escenas de interior foron máis doadas, pero tivemos que lidar coas aparicións espontáneas no medio da rodaxe de alumnado doutras clases que saía ao corredor e outras incidencias imprevistas que sempre acababan provocando a nosa risa e a conseguinte toma falsa. Rematamos e si, tamén ese día o pasamos ben!!

O resto do traballo repartímolos: mentres o alumnado de FP se ocupaba da edición do vídeo e da elaboración do cartel (para algo son de informática!), o alumnado de Bacharelato, que xa nos ocupamos de recompilar a información documental (para algo somos de Latín!), redactamos esta memoria e revisamos a documentación precisa.

Xurdiron moitos imprevistos que case nolo impiden, pero rematamos a tempo!!!

4. EQUIPO COORDINADOR E ALUMNADO PARTICIPANTE.

4.1. Profesorado do equipo coordinador:

DEPARTAMENTO DE INFORMÁTICA:

- Roberto Pérez Araújo
- Laura Pérez Sánchez
- Belén Lombao Lombao

DEPARTAMENTO DE LATÍN:

- María del Carmen Díaz Rifón

4.2. Alumnado participante:

1º FP GRAO MEDIO: SISTEMAS MICROINFORMÁTICOS E REDES

- Christian Alejandro Rodríguez
- Pedro Arias García
- Mario Fonseca González
- Amal Ibarra Panizo
- Alejandro Núñez López
- Pablo Santeiro Murciego

1º BACHARELATO: HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS

- Celtia Alonso Rodríguez
- Sebastián Alejandro Angulo Calzadilla
- Elena Carballo Rodríguez
- Rocío Rodríguez García

4.3. Colaboración especial:

- Edurne Ortega Fernández: antiga alumna do centro e tradutora do relato á linguaxe de signos, á que lle agradecemos enormemente a súa valiosa achega ao proxecto.

5. RECURSOS

Para a elaboración do proxecto empregamos moitos e moi variados recursos. Para gravar o vídeo empregamos os nosos propios teléfonos móbiles, xa que algúns deles teñen boa cámara e adaptábanse ben ás nosas necesidades. Empregamos o trípode para gravar as escenas fixas e tamén unha pértega e o micrófono, protexido co gato morto para minimizar o ruído ambiental e os ecos do vento, especialmente en exteriores.

Á hora de editar o vídeo, empregamos o software **Davinci Resolve** e tamén **Canva**, para algunhas partes do mesmo e como editor de fotos. Para gravar as voces en off empregamos o **Audacity**, que acostumamos a usar na radio escolar e manexámolo con máis soltura. Os efectos de son descargámoslos de **pixabay.com**.

Sobra dicir que os ordenadores estiveron botando fume todos estes días!!

6. OBSERVACIÓNS E/OU VALORACIÓNS.

Déronse ao longo do proxecto varias circunstancias, algunhas previsibles e outras totalmente imprevistas, que ralentizaron a elaboración do proxecto. Dentro das previsibles, os exames, e outras actividades complementarias e extraescolares que nos impediron en moitas ocasións dedicarlle todo o tempo que nos tería gustado á elaboración do proxecto. En canto ás imprevistas, as condicións atmosféricas que non nos permitían rodar, algunhas ausencias de alumnado e profesorado por distintas circunstancias... en fin! Cremos que nos sobra o tempo e finalmente tivemos que apurar o prazo ata o final. Pero, a pesar de todo, a valoración global é moi boa. Traballamos, aprendemos, divertímonos e agardamos contribuír, aínda que sexa só un pouquiño a difundir a riqueza patrimonial da nosa vila. Valeu a pena!!